

INFORMACIÓN RESUMIDA SOBRE A CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2026-2027

É importante coñecer as **"BASES"** da convocatoria antes de presentar a solicitude de axuda **DENDE A PÁXINA WEB ACCÉDESE AO ENLACE PARA A CONSULTA DAS CONVOCATORIA.**

1- REQUISITOS PARA ACCESO:

- Tanto a persoa solicitante como os escolares beneficiarios deben estar empadroados no Concello de Brión.
- Os menores para os que se solicita axuda deben estar escolarizados en Educación Infantil, Primaria ou Secundaria en centros educativos de Brión para o curso 2026-2027.
- A persoa solicitante debe estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, e tributarias con Facenda, e non deben existir débedas contraídas coa facenda local nin existir axudas municipais anteriores pendentes de xustificación.
- A Renda percápita Familiar debe ser igual ou inferior a 9.000,00 €/ano (12 meses), e non superar os 3.000 € anuais en rendementos de capital mobiliario.

2- VALORACIÓN DE SOLICITUDES:

- Valorarase o estrito cumprimento dos requisitos de acceso e máis a capacidade económica familiar.
- Poderase solicitar o desconto dos importes pagados en concepto de hipoteca ou alugueiro ata un máximo de 4.800 €/ano
- Poderase solicitar o desconto dos importes pagados en concepto de pensión de alimentos.
- Poderase solicitar minoración de ingresos por baixa de máis dun 30% dos ingresos nos derradeiros 6 meses de 2025.
- Considerarase 0'5 membros máis nas unidades familiares vítimas de V.X, monoparentais, con discapacidade do 65% ou dependencia en grados II e III.

3- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Preferentemente a través da sede electrónica (<https://sede.concellodebrion.gal>).
- Presencialmente no rexistro auxiliar do Departamento de Servizos Sociais (de luns a venres laborais de 9:00 a 14:00 horas).

- prazo para a presentación de solicitudes iniciase ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP, e remata o 30/08/2026 ás 23:59 horas.

4- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

ANEXO I: no recadro "Resto das Persoas Convivintes" deben sinalarse:

- 1- Outros descendentes convivintes menores de idade.
- 2- Outros descendentes maiores de idade pero menores de 25 anos con ingresos inferiores a 7.200'00 €/ano 2025
- 3- Outros descendentes maiores de 25 anos incapacitados/as ou con discapacidade igual ou superior ao 65%.

Cada unha destas persoas convivintes debe asinar o cadrado a autorización para a comprobación de datos.

DOCUMENTACIÓN IDENTIFICATIVA:

- 1- DNI ou documento identificativo da persoa solicitante (pai/nai ou representante).
- 2- Libro de familia COMPLETO acreditativo dos membros da unidade familiar declarada.
- 3- Certificado de conta bancaria para ingreso de axuda.

XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS:

O xeito correcto de xustificar os ingresos familiares, está recollido no propio Anexo I